



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

### CIRCULAR 74-2009

- A todas as Delegacións (\*)

- Aos organizadores de carreiras populares

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **Normativa da Federación Galega de Atletismo sobre a organización de Probas en Ruta en Galicia (2009/10)**

### 1. Introducción xeral

Co obxecto de protexer e velar por unha práctica saudábel e segura para tódolos participantes en carreiras de carácter popular ou probas de ruta que transcorran pola vía pública e que pretendan ser recoñecidas como **oficiais**<sup>1</sup>, a Xunta Directiva da Federación Galega de Atletismo (en adiante, FGA) aprobou na xuntanza do 31 de Agosto do 2007 (A Coruña) a normativa de organización de probas populares en ruta, de recomendado cumprimento para tódolos organizadores. Asemade, esta normativa pretende orientar a tódolos concellos, clubs e demais entes organizadores acerca de tódolos aspectos que deberán coidar á hora de organizar o seu evento deportivo.

As normas establecidas no presente regulamento, réxense polas **actuais regulamentacións de Seguridade Vial do Estado** e da Comunidade Autónoma de Galicia que estipula os requisitos que as autoridades esixen para a **autorización da celebración de probas deportivas** na vía urbana (**Real Decreto 1428/2003 de 21 Novembro publicado no BOE nº 306 do 23 de Decembro do 2003** sobre a ocupación da vía pública e **Real Decreto 849/1993 de 4 de Xuño do 2003**, sobre a contratación do **seguro de responsabilidade civil e de accidentes**, incluído o **seguro obrigatorio deportivo**). Asemade, en relación as probas de carácter nacional e internacional, réxense pola regulamentación da RFEA.

A Federación Galega de Atletismo **non incluírá no seu calendario** a ningunha competición que non abonase o canon correspondente ou que non estén ao corrente de pago do canon, de facturas de xuíces, ou sancións, así como premios a atletas de anteriores edicións.

Asemade, aqueles organizadores que desexen incluír a súa competición no calendario nacional da RFEA deberá previamente aboar o canon do calendario autonómico.

O obxectivo desta normativa é asegurar e velar pola práctica deportiva saudable e segura.

---

<sup>1</sup> Enténdese por **proba oficial** aquelas competicións incluídas no **Calendario Autonómico ou Nacional** e controladas polo **Comité Galego de Xuíces** autorizadas pola Federación Galega de Atletismo.

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
— 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

## 2. Clasificación da categoría das competicións

**Competicións internacionais.** As competicións autorizadas pola RFEA nas que participen un mínimo de atletas non afiliados á RFEA e un número mínimo de Países Membros afiliados á IAAF. O número mínimo de atletas e Países serán os seguintes:

Distancia da prueba	Atletas no RFEA	Países Membros IAAF
Probas de Ruta ata 10 km	6	4
Probas de Ruta de máis de 10 km	10	4

O número de atletas indicados, deberán ser das Categorias Sénior/Promesa e/ou Júnior. Nas competicións de ruta será obrigatorio a homologación previa dos circuitos das seguintes distancias (milla, 10km, 15km, 20km, Media Maratón, 25km, 30km e Maratón).

**Competicións Nacionais.** As autorizadas pola RFEA, nas que participen un mínimo de atletas non pertencentes nin Residentes na Federación Autonómica donde se organiza á Competición e pertencentes a un mínimo de Federacions Autonómicas, e ata un número de atletas non afiliados á RFEA, pertencentes a países membros afiliados á IAAF según o seguinte cadro.

Distancia da prueba	Mínimo de atletas de outras Federacions Autonómicas	Outras Federacions Autonómicas	Máximo Nº de atletas extranxeiros	Número de Países
Ata 10 km	10	4	5	3
Máis de 10 km	20	4	9	3

O número de atletas, indicados, deberá ser das Categorias Senior/Promesa e/ou Júnior (Homes ou Mulleres). Nas competicións de ruta será obrigatorio a homologación previa dos circuitos das seguintes distancias (milla, 10km, 15km, 20km, Media Maratón, 25km, 30km e Maratón).

**Competicións autonómicas (Galicia):** As autorizadas pola FGA en consonancia cas Normas da IAAF e á RFEA e non definidas nos apartados anteriores. Permitirase unha participación máxima de atletas federados de outras Federacions Autonómicas de acordo co cadro seguinte.

Distancia da prueba	Atletas de outras Federacions Autonómicas	Outras Federacions Autonómicas
Probas de Ruta ata 10 km	10	3
Probas de Ruta de máis de 10 km	20	3

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
— 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

O número de atletas indicados deberá ser das categorías senior/promesa e/o junior (homes ou mulleres).

Dentro das probas de carácter autonómico disputadas en Galicia se autorizará a participación de atletas portugueses federados, en calquera das seguintes condicións:

1. Sempre que estes atletas non foran internacionais con Portugal nos últimos 5 anos (e na proba similar na que vai a participar)
2. Sempre que non exista ningún tipo de compensación económica, tanto en premios como en participación
3. Atletas portugueses residentes en Galicia. Deberá xustificarse con permiso de residencia ou traballo.

En todos os casos o atleta debe ter permiso da Federación Nacional do seu país de acordo ca normativa IAFF.

### 3. Ámbito da actuación da proba

1. A proba poderá ser de *carácter autonómico, nacional ou internacional*. Para cada caso deberá cumprirse os seguintes prazos nas solicitudes.
  - **Carácter autonómico:** As solicitudes para organizar unha competición de carácter autonómico deberán remitirse á FGA 2 meses antes da celebración da proba.
  - **Carácter nacional ou internacional:** As solicitudes para organizar unha Competición Internacional ou Nacional deberán remitirse a RFEA, en impresos oficiais e seladas pola FGA antes do 1 de Setembro. As novas competicións que sexan solicitadas fora destes prazos, deberán enviar a súa solicitude a lo menos 2 mes de antelación á celebración da competición.

### 4. Documentación para facer a solicitude e requisitos

A solicitude de autorización para a celebración da proba deportiva **deberá entregarse na delegación da FGA** que corresponda según o ámbito de actuación da proba (Ourense, Vigo, Pontevedra, Santiago, Ferrol, Coruña e Lugo) con a lo **menos 60 días** de antelación a celebración da mesma.

O Delegado da FGA remitirá á FGA no prazo máximo dunha semana dende a recepción da solicitude os orixinais de dita documentación, co seu visto bo. A Delegación quedará cunha copia da documentación enviada. Nesta documentación acompañaranse, sempre que sexa posible, os seguintes documentos:

PATROCINADORES  
OFICIAIS



PROVEEDOR





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
— 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

1. Autorización da institución competente para a celebración da proba. Dita autorización será competencia do:
  - a) Concello, cando a proba se desenvolva integramente no casco urbán, con exclusión das travesías.
  - b) Da Comunidade Autónoma, cando a proba se desenvolva integramente por vías situadas dentro do seu ámbito territorial.
  - c) Do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, cando o percorrido da proba se desenvolva polas vías de máis dunha comunidade autónoma.
2. Certificado emitido pola Dirección Xeral de Tráfico ou Policía Local donde se exprese a autorización para a ocupación da vía pública no día de celebración da carreira (co horario detallado) e certificado no cal se manifeste o corte do tráfico nas rúas polas que transcorra a carreira a lo menos 30 minutos antes da celebración da mesma e ata o seu fin.
3. VºBº do delegado da FGA que corresponda según o ámbito territorial da celebración da proba (**De obrigado cumprimento**).
4. Certificado do médico colexiado que asista ao día da proba e horario de asistencia.
5. Certificado da compañía de ambulancias co horario de presenza destas.
6. Certificado de homologación do circuíto, se procede.
7. Fotocopia do resgardo do ingreso bancario do canon que corresponda según o baremo abaixo indicado na conta da FGA nº **0182-6244-46-0101500025 (BBVA)**. (**De obrigado cumprimento**)
8. Fotocopia da póliza do seguro de **accidentes deportivos** ou certificado da entidade aseguradora, no caso de non terse contratados pola Federación Galega de Atletismo. (**De obrigado cumprimento**)
9. Memoria e regulamento da proba na que contemplará os seguintes aspectos:
  - a) Nome da carreira e, no seu caso, número da edición. Data de celebración e hora.
  - b) Entidades organizadoras e colaboradoras. En toda publicidade da proba deberá incluírse obrigatoriamente o logotipo da FGA.
  - c) Horario da proba e categorías establecidas.
  - d) Plano do percorrido, itinerario, perfil e horario previsto do tránsito dos atletas polos diferentes puntos do percorrido ademais do peche da meta.
  - e) Lugar, prazo e forma de inscribirse (teléfono, fax, email, etc.).
  - f) Plano ou croquis do lugar de celebración da proba, con sinalización da ubicación da meta, saída, ambulancia, megafonía, secretaría, entrega de premios, vestiarios ou aseos e servicios médicos.
  - g) Textos obrigatorios que debe incluír o regulamento da proba:

PATROCINADORES  
OFICIAIS



PROVEEDOR





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

1. *“Proba oficial da FGA” no caso de estar a distancia homologada. De non estar homologada deberá indicarse.*
  2. No caso de probas de carácter autonómico se incluírá o texto: *“Non se autorizará a participación de atletas federados extranxeiros”* agás os portugueses que non houberan sido internacionais co seu país, ou ben se non existan premios en metálico da proba. En caso de incumprimento de este apartado as posibles penalizacións por parte da RFEA as asumirá o organizador.
  3. *“As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados. Se son desestimadas por este poderase presentar reclamación por escrito e acompañada dun depósito de 60 euros ao Xurado de Apelación.*
  4. *“Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuito da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais”.*
  5. *“Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores”*
- h) Datos persoais dos seguintes responsables e comités:
10. Comité Organizador (Obrigatorio):
  10. Comité Executivo (Obrigatorio), podendo ser o mesmo co organizador.
  10. Responsable da seguridade vial (Obrigatorio)
  10. Comité de honra (Opcional).
- i) Número aproximado de participantes, por categoría e a totalidade.
- j) Proposición das medidas de sinalización da proba e do resto dos dispositivos da seguridade previstos nos posibles lugares perigosos. O responsable da seguridade vial da proba deberá coñecer as normas de circulación do tráfico, polo que terá que ter o permiso de conducir en vigor.
- k) Prototipo do folleto, tríptico ou cartel da proba donde esté incluído o logotipo da FGA.
- 10.A Federación Galega de Atletismo dictará e notificará a resolución nun prazo de 10 días hábiles dende a recepción da solicitude. Transcorrido dito prazo sen que se dictase a resolución, entenderase concedido o permiso para a organización da proba. No caso de non ser concedido, a FGA emitirá un informe cos aspectos organizativos-lexislativos que deben mellorarse e o interesado dispoñerá dunha semana para a subsanación destes erros. En caso de non cumprir ca normativa e denegarse a celebración da proba, a FGA reembolsará ao interesado o importe íntegro do canon ingresado.

PATROCINADORES  
OFICIAIS



PROVEEDOR





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

### 5. Modalidades de contratación do canon:

	<b>Canon FGA Autonómico *<sup>1</sup></b>	<b>Canon FGA Nacional *<sup>2</sup></b>	<b>Canon FGA Internacional *<sup>3</sup></b>
CONDICIÓNS	<i>Inclúe seguro RC aos organizadores</i>	<i>Inclúe seguro RC aos organizadores</i>	<i>Inclúe seguro RC aos organizadores</i>
Carreira sen premios en metálico	150 €	200 €	300 €
Carreira con premios en metálicos	200 €		

\*<sup>1</sup>\*<sup>2</sup>\*<sup>3</sup>. O custo da contratación do **seguro de accidentes deportivos** a través da FGA é de 1,30 € por participante non federado chegado á meta. A contratación do RC de participantes será por conta do organizador.  
\*<sup>2</sup>Deben aboar tamén o canon á RFEA establecido en 445 € para probas Nacionais.  
\*<sup>3</sup>Deben aboar tamén o canon á RFEA establecido en 715€ para probas Internacionais.

#### Carreira Autonómica sen premios en metálico:

Autonómica 150 € (Inclúe: canón FGA e inclusión calendario FGA, seguro de responsabilidade civil para organizadores, promoción do evento dende a web da FGA e publicación da regulamentación específica da proba así como os resultados)

#### Carreira Autonómica con premios en metálico:

Autonómica 200 € (Inclúe: canón FGA e inclusión calendario FGA, Seguros de responsabilidade civil para organizadores, promoción do evento dende a web da FGA e publicación da regulamentación específica da proba así como os resultados).

#### Carreira Nacional e Internacional:

Nacional 200 € \*  Internacional 300 € \*(Inclúe: canón FGA e inclusión calendario FGA, seguro de responsabilidade civil para organizadores, promoción do evento dende a web da FGA e publicación da regulamentación específica da proba así como os resultados ).

\*Deben aboar tamén o canon da RFEA establecido en 445 € para probas Nacionais e de 715 € para probas Internacionais.

### 6. Características do Circuito

1. O circuito da carreira será deseñado polo organizador. Este deberá ser seguro e non presentar ningún perigo para a saúde dos deportistas, entendéndose como perigo os entornos naturais ou artificiais tales como: ruínas, obras, acantilados, ríos, lagos, etc.

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
— 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

2. As distancias para as distintas categorías recoméndase que **non superen** as establecidas no cadro do punto 14 da presente normativa.
3. O organizador deberá tramitar a solicitude de autorización da proba deportiva para o uso das vías públicas á autoridade governativa correspondente (*Art. 2. Anexo II. Probas deportivas. BOE do 23 Decembro 2003*):
  - Ao **Concello** no caso de que a carreira transcorra integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías.
  - Á **Comunidade Autónoma** no caso de que a proba se desenvolva integramente por vías situadas dentro do seu ámbito territorial.
  - Ao **organismo autónomo da Xefatura Central de Tráfico** cando o percorrido se desenvolva polas vías de máis dunha Comunidade Autónoma.
4. Os organismos titulares das vías polas que transcorra a proba emitirán un informe sobre a súa viabilidade. Este informe terá carácter vinculante cando se opoña á realización da proba deportiva ou a condicionen ao cumprimento de determinadas prescricións técnicas (*Art. 2. Anexo II. Probas deportivas. BOE do 23 Decembro 2003*).
5. O organizador debe realizar os trámites necesarios para que **30 minutos antes da primeira carreira** e ata **que o último atleta chegue a meta se corte o tráfico nas rúas e estradas polas que transcorra a carreira.** Para iso contará ca colaboración da policía local, nacional ou Guarda civil. Asemade, poderá ter persoal distinto habilitado ou nomeado anteriormente para o control da proba ao longo do percorrido sempre que dito persoal sigan as directrices do responsable da seguridade vial ou dos axentes. (Adxuntar certificado tráfico ou policía local).
6. No caso de querer homologar o circuíto, o organizador deberá aboar as taxas vixentes para a súa homologación.
7. O percorrido deberá estar sinalizado na súa totalidade e sempre se intentará contar con voluntarios ou membros da protección civil para cubrir os cruces ou zonas que poidan causar dúbidas para os atletas en relación da continuidade do circuíto. Sempre que se poda situaranse carteis ou pancartas anunciado os kilómetros que xa se percorreron. En ningún caso, estas sinalizacións se colocarán en lugares que poidan provocar dúbidas para a circulación rodada. Cando as indicacións se fagan sobre a calzada, deberase utilizar materiais que se borren despois de poucas horas.
8. A **zoa de saída** debe ser suficientemente ampla en función do número de participantes. A saída marcarase por calquera dos seguintes medios: pintura ou cal no chan, pancarta, cinta, etc. É aconsellable colocar aos atletas na saída por nivel deportivo e reservar un lugar preferente para as mulleres. Asemade, recoméndase fixar unha zoa perto da saída para a roupa, garda chaves, cámara de chamadas ou calquera outro uso.

PATROCINADORES  
OFICIAIS



PROVEEDOR





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
— 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

9. A **zoa de chegada** debe estar igualmente marcada como a liña de saída. Se deberá prever os embudos e persoal suficientes para que non se produzan atascos. Da mesma maneira que na liña de saída, reservarase unha zoa para usos como: fisioterapia ou servicios médicos, avituallamento, prensa, recollida de roupa, etc.

## 7. Vehículos oficiais da proba

A organización disporá dos seguintes tipos de vehículos:

### I. Vehículos dos axentes da seguridade:

- a. A carreira deberá ir precedida dun vehículo conducido por un axente da autoridade portador dunha bandeira vermella, e finalizadas por outro cunha bandeira verde.

### II. Vehículos da organización:

- a. *Vehículo de apertura:* Levará un cartel coa inscrición “Atención: Proba Deportiva. STOP” sen que en ningún caso exceda a anchura do vehículo. Tamén deberá levar as luces de cruce e intermitentes encendidos e é recomendable que leve megafonía.
- b. *Vehículo de finalización:* Ao final da mesma partirá outro vehículo cas luces de cruce e intermitentes encendidos. Este tamén levará un cartel co seguinte texto “Fin de carreira, CONTINUE”. En ámbolos casos existirá unha distancia mínima de 200 metros por detrás e por diante do último e do primeiro participante, respectivamente.

- III. *Vehículo de servicios médicos:* A organización contará cunha ambulancia co material básico de primeiros auxilios sita na zona de saída e chegada (no caso de ser distinta). A situación desta deberá ser tal que no caso de ter que facer unha urxencia poida circular libremente sen obstáculo algún.

Estará prohibida a circulación de vehículos no espazo comprendido entre a bandeira vermella e a verde, agás os vehículos autorizados expresamente e coa autorización situada en lugar visible.

Unha vez finalizada a proba, o organizador deberá deixar a vía pública e os seus arredores no mesmo estado que antes da súa celebración, retirando por tanto tódalas sinalizacións, plásticos, vallas, etc.

PATROCINADORES  
OFICIAIS



PROVEEDOR







## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
— 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

### 8. Persoal responsable e xuíces para o control da proba

- I. Para o control técnico da proba a organización deberá contactar co Comité Galego de Xuíces, por medio da delegación territorial ou directamente á FGA, o cal facilitaralle o número adecuado de xuíces para o control da proba ademais do orzamento previsto. Debendo aboar o organizador os gastos que surxan a maiores como consecuencia dos desprazamentos, comidas (se e o caso), hotéis, etc. Existirá outras tarifas aplicadas ao Delegado técnico, xuíz árbitro, homologador, etc.
- II. É recomendable a grabación de vídeo da chegada para posible reclamacións.
- III. O xuíz árbitro será a máxima autoridade técnica da proba, o cal supervisará o desenvolvemento desta así como os resultados finais.
- IV. O persoal auxiliar para o mantemento do orde e control da actividade deberá ser en número razoable, en función das características da actividade. Este dependerá do responsable de seguridade vial e deberá ter como mínimo 16 anos.
- V. O persoal responsable de seguridade vial terá as seguintes características:
  - Ser maior de 18 anos e posuír permiso de condución.
  - Dispor por escrito das instrucións precisas dadas polo responsable de seguridade vial da proba.
  - Dispor dun sistema de comunicación eficaz que permita ao responsable da seguridade vial entrar en contacto co persoal habilitado durante a celebración da proba.
  - Deberá poder desprazarse dun punto a outro do percorrido para o exercicio das súas funcións.

### 9. Os participantes

1. O organizador deberá ter suscrito un **seguro de responsabilidade civil** das persoas que están inscritas e participen na proba, que cubra os posibles danos a terceiros ata os mesmos límites que para danos persoais e materiais establece o Real Decreto 7/2001, do 12 de Xaneiro. Asemade deberán contar tamén obrigatoriamente cun **seguro de accidentes** que teña como mínimo, as coberturas do seguro obrigatorio deportivo regulado no Real Decreto 849/1993 do 4 de Xuño, sen cuia preceptiva contratación non se poderá celebrar proba algunha. O canón da Federación Galega inclúe o seguro de responsabilidade civil dos organizadores. **Para o seguro de accidentes deportivos a FGA ten unha oferta dunha compañía de seguros que ofrece por un custo de 1,30 € por participante non federado a posibilidade da súa contratación por**

PATROCINADORES  
OFICIAIS



PROVEEDOR





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
— 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

**mediación da FGA.** Os participantes federados non contará para o abono desta cuota xa que a súa licenza cubre ámbolos seguros.

2. Tódolos participantes teñen a obriga de cumprir as normas particulares do regulamento da proba.
3. Os participantes que circulen fora do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin da proba consideraranse usuarios normais da vía, e non lles será aplicado esta normativa especial.
4. Cada participante deberá levar un dorsal feito cun material adecuado para que non se deteriore (co sudor ou ca auga) ao longo da proba.

### 10. Os atletas estranxeiros e españois de elite

1. En competicións incluídas no **calendario nacional** poderán participar ata 10 atletas españois con beca pertencentes a un máximo de 4 Federacións autonómicas, e 5 atletas estranxeiros pertencentes a un máximo de 3 países, en competicións de ata 10 km e ata 20 atletas españois con beca pertencentes a un máximo de 4 federacións autonómicas, e 9 atletas estranxeiros pertencentes a un máximo de 3 países, para competicións de mais de 10 km, facendo sempre referencia as categorías senior, promesa e júnior (masculina e feminina).
2. En competicións de rango autonómico **non incluídas no calendario nacional**, por norma xeral, non poderán participar atletas estranxeiros que non teñan licenza pola Federación Galega de Atletismo, salvo si se cumpre algún dos seguintes supostos (*Según normativa RFEA*):
  - Permitirase a participación de atletas portugueses sempre e cando estes atletas non foran internacionais polo seu país, nos últimos 5 anos (e na proba similar na que vai a participar).
  - Competicións nas que non existan ningún tipo de compensación económica (tanto en premios como en participación)
  - Atletas residentes en Galicia. Deberase xustificar con permiso de residencia ou traballo.

En tódolos estes casos o atleta debe ter permiso da Federación Nacional do seu país de acordo ca normativa IAFF.

Aos organizadores que incumpran deliberadamente a normativa de participación de atletas becados ou/e estranxeiros en probas non incluídas no calendario nacional non se lles autorizará a organizar ningunha proba do calendario nacional por un período de 24 meses a partir da data do incumprimento. Asemade deberá facer fronte as posibles penalizacións económicas por parte da RFEA.

O organizador deberá reter o premio ata que o atleta presente a documentación que permita a súa participación na proba, nun prazo máximo de 5 días.

- VI. Nas competicións **incluídas no calendario nacional** e según a normativa da Federación Española a organización debe enviar con 5 días

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

de antelación a relación de atletas (estranxeiros e españois de élite) sinalando o representante de cada un deles.

- VII. Os atletas estranxeiros que non posúan licencia española nin representante deberán ter permiso da súa Federación e mostralo se fose requirido.
- VIII. Se existise algunha dúbida no último momento poderase permitir a participación, reténdose o premio ata que non se comprobe debidamente a través da RFEA. Neste caso se solicitará expresamente á RFEA a comprobación dos permisos e non aboar ningún tipo de premio ou compensación ata que se reciba por escrito a conformidade da RFEA.
- IX. Aos efectos de obrigatoriedade de comunicar os atletas españois importantes tomaranse como referencia aqueles que durante a tempada actual ou anterior houberan superado a marca do anexo I do Regulamento de Competicións.
- X. A RFEA solo recoñecerá como representantes de atletas autorizados os avalados pola mesma.

### 11. Os Servicios Médicos

1. O organizador ademais de contratar o servizo dunha ambulancia, deberá contar coa presenza **obrigatoriamente** dun médico na proba. Sen prexuízo da súa ampliación con mais persoal sanitario na medida que se estime necesario. En ámbolos dous casos deberá entregarse os certificados correspondentes.
2. Nas probas cuia participación supere os 750 participantes, contarase como mínimo ca presenza de dous médicos e dúas ambulancias, e deberá engadirse como mínimo, unha ambulancia e un médico por cada fracción suplementaria de 1000 participantes.
3. Tódolos accidentes acontecidos deberán ser previamente informados ao organizador da proba e o traslado do ferido, se fose necesario, será para os centros sanitarios que teñan convenio ca compañía de seguros que corresponda.

### 12. O avituallamento

1. O organizador debe asegurar a existencia de auga ou outros líquidos apropiados para a práctica deportiva na saída e/ou na chegada.
2. Nas carreiras de ata 10 kilómetros é recomendable por cada 3-5 km un posto de esponxas ou bebidas, especialmente en días calurosos.
3. Nas carreiras de máis de 10 kilómetros poranse avituallamentos cada 5 kilómetros.

PATROCINADORES  
OFICIAIS



PROVEEDOR





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
— 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

### 13. A megafonía

1. O organizador deberá dispor dun servizo de megafonía para manter informados aos atletas en todo momento.
2. A megafonía deberá estar situada de tal forma que tódolos participantes poidan escoitala.
3. Pola megafonía deberá anunciarse a información relativa ao circuíto da carreira (km, nº de voltas, saída, meta, etc.), chamamento dos atletas, entrega de premios.
4. Sempre que se poida, incorporárase un megáfono ao vehículo que encabece a carreira.
5. Cando o carácter da proba teña o de Campionato Galego o idioma utilizado será o galego.

### 14. Categorías e clasificacións

1. Recoméndase realizar as categorías e distancias para cada unha delas seguindo o cadro sinalado abaixo.

CATEGORÍA/ DISTANCIA MÁXIMA	SENIOR Desde 1987 ata veterán	PROMESA 1988-89-90	JUNIOR 1991-92	XUVENIL 1993-94	CADETE 1995-96	INFANTIL 1997-98	ALEVIN 1999- 2000	BENXAMIN 2001-02
HOMES	Sen límite	Sen límite	10.000	7000	6000	4500	3500	2000
MULLERES	Sen límite	Sen límite	10.000	7000	6000	4500	3500	2000

*\*Nas categorías de veteráns, desde o día que cumbran 35 anos, recoméndase agrupalas de 5 en 5 anos.*

2. Ao finalizar a proba realizarase unha clasificación xeral masculina e outra feminina. Ademais, sempre que sexa o caso, publicarase tamén a clasificación por categorías. Sendo potestade do organizador outorgar premios e que estos sexan acumulables o non.
  3. Os resultados deben contemplar os seguintes datos:
    - Nome e apelidos do participante.
    - Categoría.
    - Dorsal.
    - Data de nacemento.
    - Club ou entidade (se e o caso).
    - Nº licenzia federativa (se e o caso)
- XI. Os resultados deberán ser remitidos a FGA no prazo máximo de 24 horas dende a finalización da carreira preferentemente en arquivo informático (segundo o modelo da FGA)

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
— 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

### 15. Denominación das probas

1. Cando a denominación da carreira de ámbito Nacional sexa “Milla” “Maratón”, “Media Maratón”, “10 km”, etc. os circuitos deberán estar previamente homologados. En caso contrario, o organizador deberá incorporar no regulamento da proba o seguinte texto “proba con distancia non homologada.”

### 16. Modelo de gastos da organización da proba

Con carácter informativo enúnciáanse unha serie de posibles gastos que organizado debe ter en conta á hora de confeccionar o orzamento do evento:

1. Gastos do canon.
2. Gastos de actuación dos xuíces.
3. Gastos de cronometraxe eléctrico, xestión dos resultados e chips se é o caso.
4. Gastos da secretaría.
5. Gastos de persoal de campo (organización e montaxe).
6. Gastos de aluguer de carpas, megafonía, etc.
7. Gastos de control de dopaxe (se é o caso)
8. Gastos de aloxamento de participantes (se é o caso).
9. Gastos do seguro de RC dos participantes.
10. Gastos do seguro de RC organizadores (exento si se abona o canon da FGA).
11. Gastos do seguro de accidentes deportivos (A FGA ofrece unha boa oferta).
12. Gastos dos servizos médicos (médico colexiado, ambulancias, etc.).
13. Gastos de manutención do persoal voluntario e personalidades.
14. Gastos de cartelería e publicidade do evento.

A Coruña, 16 de outubro do 2009

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**caixanova**

**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
— 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

### IMPRESO DE SOLICITUDE DE PROBA OFICIAL E CANÓN DE INCLUSIÓN NO CALENDARIO DE RUTA DA FGA (CARREIRAS POPULARES) 2009/10

#### DATOS DA PROBA

NOME DA PROBA: \_\_\_\_\_

DATA: \_\_\_/\_\_\_/\_\_\_ LUGAR: \_\_\_\_\_ INSTALACIÓN: \_\_\_\_\_

Nº de veces que se celebrou a proba: \_\_\_ Participantes última edición: \_\_\_\_\_

Adxuntase programa e normativa do evento.

#### DATOS DO ORGANIZADOR

INSTITUCIÓN ORGANIZADORA: \_\_\_\_\_

DOMICILIO: \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_

LOCALIDADE: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_

TLF. FIXO: \_\_\_\_\_ TLF. MÓVIL \_\_\_\_\_ FAX: \_\_\_\_\_

EMAIL: \_\_\_\_\_ WEB: <http://www.> \_\_\_\_\_

CIF (Organizador): \_\_\_\_\_

#### DATOS DA PERSOA RESPONSABLE (A efectos de notificación)

PERSOA DE CONTACTO: \_\_\_\_\_ DOMICILIO \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ LOCALIDADE: \_\_\_\_\_

PROVINCIA: \_\_\_\_\_ TLF.FIXO: \_\_\_\_\_ TLF.MÓVIL \_\_\_\_\_

FAX: \_\_\_\_\_ EMAIL: \_\_\_\_\_ WEB: <http://www.> \_\_\_\_\_

#### MODELOS DE CONTRATACIÓN DO CANON

	Canon FGA Autonómico * <sup>1</sup>	Canon FGA Nacional * <sup>2</sup>	Canon FGA Internacional * <sup>3</sup>
CONDICIÓN	<i>Inclúe seguro RC aos organizadores</i>	<i>Inclúe seguro RC aos organizadores</i>	<i>Inclúe seguro RC aos organizadores</i>
Carreira sen premios en metálico	150 €	200 €	300 €
Carreira con premios en metálicos	200 €		

\*<sup>1</sup>\*<sup>2</sup>\*<sup>3</sup>. O custo da contratación do **seguro de accidentes deportivos** a través da FGA é de 1,00 € por participante non federado chegado á meta. A contratación do RC de participantes será por conta do organizador.

\*<sup>2</sup>Deben aboar tamén o canon á RFEA establecido en 445 € para probas Nacionais.

\*<sup>3</sup>Deben aboar tamén o canon á RFEA establecido en 715 € para probas Internacionais.

PATROCINADORES  
OFICIAIS



PROVEEDOR





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
— 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

### Desexo incluír a presente proba no calendario da FGA como proba:

#### Carreira Autónoma sen premios en metálico:

- Autónoma 150 €

#### Carreira Autónoma con premios en metálico:

- Autónoma 200 €

#### Carreira Nacional:

- Nacional 200 € \*

#### Carreira Internacional:

- Internacional 300 € \*

\*Deben aboar tamén o canon da RFEA establecido en 445 € para probas Nacionais e de 715 € para probas Internacionais.

O organizador comprométese a respetar e cumprir toda a normativa da FGA sobre a organización das carreiras populares, indicada na Circular 74/2009, especialmente o relativo á contratación do seguro de responsabilidade civil de organizadores e participantes, seguro de accidentes obrigatorio, contratación dos servizos médicos e a pagar o canon correspondente e control da participación de atletas estranxeiros. A autorización da proba afecta unicamente ao adxuntado nesta solicitude. Calquer modificación que houbese do regulamento da mesma debe notificarse á FGA. A autorización desta proba non conleva nengunha relación contractual ca Federación Galega de Atletismo, polo que os posibles incidentes que puidieran ocasionarse na mesma recaerán directamente no Club/institución organizador anteriormente citado na solicitude.

Declaro haber leído toda a normativa e comprométo-me a cumprir todo o contemplado na mesma, e acompañoo o xustificante de pago do canon correspondente (sinalar no cadro), mediante o seguinte medio abaixo reflexado:

- Talón a nome da Federación Galega de Atletismo  
 Transferencia á conta nº 0049-0007-27-2212107370 (Santander Central Hispano)

**(NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA SOLICITUDE QUE NON VEÑA ACOMPAÑADA DE ESTE XUSTIFICANTE DE PAGO E DO VISTO BO DA DELEGACIÓN FGA)**

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ del 200\_\_

Sinatura do organizador;

Vº B. Da Delegación FGA;

RESOLUCIÓN FGA

- Aprobada  
 Rexeitada

O organizador

O Delegado FGA

D. Victor Arufe Giráldez

Secretario Xeral FGA

A Coruña, 16 de outubro de 2009  
Victor Arufe Giráldez

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**PROVEEDOR**





## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

---

**PATROCINADORES  
OFICIAIS**



**caixanova** 

**PROVEEDOR**

